



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 06.09.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.03 h do 06.09.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das Resolúcións da alcaldía dende o núm. 938/2018 ao núm. 1041/2018

Os concelleiros danse por informados.

2. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 2º trimestre do 2018

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 2º trimestre do 2018

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2017

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 23.08.2018, que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017

Formada a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2017 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 25 de xuño de 2018, ésta foi exposta ao público quince días aos efectos de que durante estos e oito máis os interesados poideran presentar reclamacións, reparos ou observacións.



Tendo en conta, como consta no informe da funcionaria do Rexistro, que non foron presentadas reclamacións, alegacións ou reparos á Conta Xeral, procede elevar ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

ÚNICA. - Aprobación da Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ao exercicio 2017 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do Concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe.”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 14 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Somos Fene, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións grupo municipal Socialista.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ao exercicio 2017 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do Concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía para a determinación dos festivos locais do 2019

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 29.08.2018 pola unanimidade dos seus membros:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO 2019

Como todos os anos, o Concello de Fene ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, acorde:

Primeiro. Declarar como festivos locais para o ano 2019 as seguintes datas:

6 de marzo de 2019	Mércores de cinza
6 de agosto de 2019	San Salvador

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.”

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, intervén para comentar que, estando dacordo coa proposta, roga que non se perda o costume de acordar os festivos antes da Comisión correspondente, e afirma que esta vez non foi así.

O alcalde di que toma nota do rogo.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que entende que é unha proposta acordada en Comisión por todos os grupos e que polo tanto votarán a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro. Declarar como festivos locais para o ano 2019 as seguintes datas:**

6 de marzo de 2019	Mércores de cinza
6 de agosto de 2019	San Salvador

6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Proposta da Concellería de Deportes de estimación parcial de suxestións e aprobación inicial do Regulamento do Concello municipal de Deportes

Consta no expediente a seguinte Proposta da concellería delegada de Deportes do 29.08.2018 que quedou introducida na orde do día logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal Socialista.

O Concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, explica a urxencia baseándose nos prazos de presentación deste Consello Municipal e na inmediatez do comezo das tempadas deportivas e dos cursos escolares.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, afirma que non ven esta urxencia e que o documento non está consensuado, motivo polo que votan en contra da urxencia.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, explica a abstención porque entende que había ferramentas que non se utilizaron e que permitirían un debate máis sosegado das ordenanzas municipais. Lembra que existen as Comisións extraordinarias que hai tempo que non se convocan. Engade que viron vontade por parte do concelleiro responsable para chegar a acordos e que recibiron o borrador con tempo suficiente para poder realizar achegas.

O Concelleiro de Deportes lembra aos grupos do BNG e socialista que a elaboración deste Consello foi realizada no primeiro mes do goberno tripartito, e que estivo á espera das achegas de Secretaría ata que foron expulsados dese goberno.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, afirma que o seu grupo non recibiu o borrador nin antes nin agora. Engade que o normal é que, antes de levar algo por urxencia a unha Comisión, se fale con todas as forzas políticas por deferencia. Xustifica así o seu voto en contra da urxencia.

“PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE DEPORTES

Por parte da concellería delegada de Deportes presentouse unha Proposta de Regulamento do Consello municipal de deportes e da actividade física que foi obxecto de consulta na web do Concello de Fene conforme ao estipulado no artigo 133 da Lei 39/2015.

Durante o prazo de consulta pública presentou suxerencias Manuel Polo Gundín no sentido de corrixir a linguaxe do texto na procura dunha linguaxe inclusiva, revisar os obxectivos e funcións, filtrar as entidades que participan no Consello, dar cabida aos grupos municipais, fixar uns prazos de renovación para os compoñentes e ser máis realista na fixación das xuntanzas anuais.

O Regulamento de participación cidadá data do ano 1999 e nunca foi desenvolto polos gobernos respectivos dende entón, actualmente está levándose a cabo diversos foros e talleres, entre eles, o da Deputación da Coruña, tentando modelizar un regulamento adaptado os tempos actuais.

No texto evítase o uso androcéntrico da linguaxe utilizando o/a, os/as en base a economía da linguaxe, pero non hai inconveniente en usar feminino ou masculino indistintamente na redacción definitiva.

Os obxectivos están en infinitivo tal como indican os verbos de inicio: fomentar, planificar, ser, dar, colaborar, analizar, captar, crear, recoller, incentivar, agás o punto 7 onde falta de inicio o verbo pontenciar, será corrixido.



As entidades que participan serán todas aquelas inscritas no Rexistro Municipal sen ningún tipo de discriminación, sempre e cando teñan sección deportiva.

O método de revogación/ renovación das persoas compoñentes do Consello vén dado loxicamente polo tempo que ostenten a responsabilidade institucional nuns casos, así como a designación feita polas propias asociacións dentro da súa postestade autoorganizativa.

Á vista do que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Estimar parcialmente as suxerencias presentadas por Manuel Polo Gundín mellorando a redacción dos obxectivos do Consello, introducindo a regulación da renovación das persoas integrantes deste, a linguaxe inclusiva do Regulamento e suprimindo a participación das persoas usuarias abonadas e das asociacións municipais sen actividades deportivas ao considerarse máis axustada á composición dun órgano desta natureza.

2.-Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello municipal de deportes e da actividade física que se transcribe como anexo a esta Proposta.

3.- Abrir un período de información pública mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

4.-No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor a modificación o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

Fene, 29 de agosto de 2018

O concelleiro delegado de Deportes

Xoán Manuel Rodríguez Bastida

Anexo I

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E DA ACTIVIDADE FÍSICA

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

A práctica deportiva e a educación física enténdense como un dereito humano fundamental inherente a todas as persoas sen ningún tipo de distinción, e son indispensables para o pleno desenvolvemento da súa personalidade tal e como se recolle na Carta Olímpica, na declaración da Organización das Nacións Unidas (1978) e está recoñecido constitucionalmente no artigo 43 da Constitución Española.

O municipio posúe competencia en materia de deportes, conforme ao disposto no artigo 25.2 m, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local, e artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

O Concello de Fene, ten unhas infraestruturas deportivas, con instalacións, asociacións e entidades deportivas, que aglutinan o deporte local nos seus máis diversos aspectos (deportes para todos, asociacionismo deportivo, etc.), que é necesario articular, coordinar e fomentar nas suas diferentes vertentes, motivo polo que se considera preciso crear unha canle de participación cidadá mediante a creación dun Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física como órgano consultivo,



informativo e de asesoramento do Concello, e fundamentalmente da Concellería de Deportes, en temas de carácter deportivo, para promover, desenvolver e coordinar a actividade deportiva de Fene.

En aplicación do disposto nos artigos 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 119, 130 e 131 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, concíbese como un órgano de participación de cidadanía vinculado á concellaría que en cada momento ostente a delegación de deportes. Un espazo para articular a representatividade dos cidadáns, propiciar o debate e a comunicación, e mediante o cal, os distintos colectivos sociais relacionados coa actividade física e o deporte do Concello de Fene poidan dispor dun foro adecuado para a formulación das súas propostas, iniciativas, problemáticas, inquiredanzas e necesidades, así como axuntar esforzos para rentabilizar o traballo realizado na busca de obxectivos comúns.

A democracia participativa e democracia representativa son complementarias. A lexitimidade da representación popular reforzase coa participación da cidadanía na toma de decisións.

A participación convertese así nun instrumento para a resolución dos problemas que plantea o exercicio do goberno, facilita a toma de decisións, favorece o consenso e evita conflitos, potenciando a eficacia na xestión municipal do deporte e actividade física.

O Consello será un instrumento de cooperación e coordinación capaz de aglutinar os intereses dos cidadáns e a administración, para potenciar a promoción do deporte e a actividade física do concello.

A súa necesidade xustifícase nos seguintes motivos:

- Por ser un órgano de ámbito municipal para a participación democrática, información, asesoramento e consulta.
- Pola importancia que ten o deporte na vida das persoas.
- Pola vontade dos axentes deportivos de participar no deporte que ten lugar no concello.
- Para conseguir facer visible e dar resposta ás demandas, problemas e necesidades que afectan aos diferentes actores deportivos do Concello de Fene.
- Por ser un órgano de participación e un instrumento de cooperación e coordinación capaz de aglutinar os intereses dos cidadáns e da administración.

CAPÍTULO II.-COMPETENCIAS

Artigo 1.-Obxectivos

Consonte co seu obxecto correspóndelle, entre outros, a satisfacción dos seguintes fins:

1. Fomentar a participación directa na xestión da área de actuación deportiva municipal das persoas e das entidades afectadas ou interesadas, establecendo a este efecto os mecanismos necesarios de información, consulta, estímulo, elaboración de propostas e informes, e seguimento das actividades municipais. O Consello debe ser un espazo de colaboración e acción común en beneficio da xestión do deporte do concello, dos deportistas e dos cidadáns.
2. Planificar unha estratexia integradora que permita a articulación das actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes e as asociacións vinculadas a este sector de actividade, para promover a mellora da calidade da práctica deportiva e a actividade física en Fene.
3. Ser un instrumento para a resolución dos problemas que plantea o exercicio do goberno, facilitar a toma de decisións, favorecer o consenso e evitar conflitos, potenciando a eficiencia na xestión municipal e incrementando así o benestar social e a calidade de vida da cidadanía.
4. Dar representatividade ao asociacionismo deportivo, creando un marco importante na relación entre as distintas sociedades e a área de deportes do concello, compartindo a complexidade da toma de decisións por parte da administración.
5. Colaborar co Concello nas actuacións e decisións en relación co desenvolvemento do deporte e a actividade física, co fin de:
 - * Dar facilidades coa participación cidadán á xestión do deporte municipal, levando contidos e dando utilidade ao asociacionismo deportivo.
 - * Analizar a realidade deportiva do concello, aportando unha visión globalizada.
 - * Captar as necesidades e demandas do axentes na práctica deportiva no concello, e desta maneira poder reflexionar conxuntamente sobre as mellores propostas para atender ditas



necesidades.

6. Crear, reafirmar e manter o prestixio da imaxe do deporte no Concello de Fene, utilizando para iso todos os medios ao seu alcance, creando e desenvolvendo programas de mellora da calidade e elaborando programas de difusión.
7. Potenciar a promoción deportiva e o desenvolvemento da actividade física entre todas as capas da poboación, con especial atención ao deporte de base.
8. Recoller as iniciativas do asociacionismo deportivo local.
9. Incentivar e levar a cabo proxectos deportivos que favorezan a participación cidadá, a inclusión e a cohesión social.
10. Potenciar os aspectos lúdicos e recreativos das actividades deportivas, creando hábitos de vida saudables.

Artigo 2.- Funcións.

2.1.-En atención ao seu carácter esencialmente participativo, a actuación do Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física referirase ás seguintes cuestións:

1) Participación no deseño e elaboración de programas de actividades de competencia municipal a través do Servizo Municipal de Deportes.

2) Manter unha corrente de información, estudo e deliberación en relación coas iniciativas municipais para fomentar e promocionar a actividade física e a práctica deportiva. A estes efectos, consideraranse os principais ámbitos de intervención:

- Deporte popular.
- Deporte escolar.
- Escolas deportivas.
- Deporte federado.
- Deporte adaptado.
- Deporte para a saúde.
- Actividades físicas e deportivas e lecer.

3) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades e sectores, xa sexan públicos ou privados, da comunidade deportiva de Fene.

4) Coordinación entre as distintas asociacións deportivas e institucións para aqueles programas e actividades de ámbito municipal que involucren aos diversos clubs, institucións ou persoas con intereses deportivos comúns.

5) Análise e estudo relacionado coa busca de novas actividades deportivas e aplicación e uso de novas tecnoloxías en ditas actividades.

6) Emitir ditames sobre os asuntos que, con carácter facultativo, lle sexan solicitados pola concellaría responsable de deportes.

7) Debater e impulsar accións concretas orientadas á mellora e ao desenvolvemento da vida deportiva do Concello de Fene, como:

-Comunicar e informar periodicamente dos seus traballos ao conxunto da comunidade deportiva, podéndose realizar sesións informativas ampliadas, dirixidas a colectivos interesados en temas específicos co fin de recoller opinións que poidan ser de interese.

-Realizar consultas e emitir informes sobre cuestións xerais da política deportiva no concello, especialmente naqueles casos que lle sexan encomendados pola concellaría de deportes.

-Estudar as necesidades cidadáns en materia deportiva e colaborar na planificación das solucións correspondentes.

-Colaborar na aplicación das directrices municipais establecidas para a xestión das instalacións e equipamentos deportivos.

-Promover e impulsar medidas para unha práctica deportiva saudable, de educación das boas prácticas, de prevención, control e represión de sustancias e métodos non regulamentarios e prohibidos.



-Realizar propostas de organización de actividades deportivas e participar nas que se realicen no concello.

-Garantir que existan as condicións para que os conflitos se expresen, se debatan e se chegue a acordos.

2.2.-Os estudos, informes, ditames e resolucións emitidos polo Concello non terán carácter vinculante. Os límites márcaos o que é, un consello consultivo.

CATÍTULO III.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 3.- Composición.

O Consello Municipal de Deportes estará integrado por persoas relacionadas co mundo do deporte e a actividade física, valorando a súa representatividade.

O órgano de goberno do Consello será a súa Asemblea Xeral, que disporá dos seguintes membros:

-O/a presidente/a.

-O/a secretario/a.

-Os/as vogais.

Artigo 4.- A presidencia

A presidencia do Consello corresponde á persoa que ostente a alcaldía ou membro da Corporación en quen delegue.

Terá como atribucións propias as seguintes:

-Corresponde á presidencia presidir, convocar, dirixir, moderar o desenvolvemento das xuntanzas e levantar as sesións do Consello.

-Establecer a orde do día das xuntanzas.

Artigo 5.- A secretaría.

A secretaría do Consello será ostentada polo funcionario ou funcionaria que ocupe o posto de Técnica ou Técnico municipal do servizo de deportes, sen prexuízo de que, na súa ausencia, poida ser calquera outra persoa do funcionariado do Concello designada pola Alcaldía.

Terá como atribucións propias as seguintes:

-Enviar as citacións aos compoñentes do Consello, coa orde do día.

-Redactar as actas das sesións.

-Enviar copia de cada unha das actas a cada membro do Consello.

-Facilitar aos membros do Consello a información e asistencia técnica necesaria para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

-Confeccionar a memoria anual de actividades do Consello, así como dos estudos ou calquera outro traballo documental proposto.

-Todas aquelas funcións que o presidente lle encomende.

Artigo 6.- As vogalías.

As vogalías serán designadas mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen, de conformidade cos seus Estatutos ou normativa pola que se rexan, sendo os seguintes:

-A persoa que ostente a concellería delegada de Deportes que, en todo caso, poderá exercer a presidencia do Consello no caso de delegación da alcaldía.

-Un ou unha representante de cada Asociación con actividades deportivas inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Fene.



-Un ou unha representante de cada Asociación de Nais e Pais de alumnos do Concello de Fene (no caso de que non se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Fene)

-Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello.

Terán como atribucións propias as seguintes:

-Asistir e participar nas sesións do Consello, facendo chegar as propostas para incluílas, se procede, na orde do día da sesión.

-Respectar e cumprir os acordos adoptados.

-Informar ao sector que representan dos traballos, disposicións e acordos do Consello, así como transmitir a este as opinións e propostas do seu sector.

Artigo 7.- Substitución, mandato e cesamento

7.1. Todas as organizacións e institucións representadas designarán as persoas encargadas de suplir aos seus representantes no caso de inasistencia, por escrito, e con antelación ao inicio das sesións.

7.2. As persoas membros da mesa cesarán cando se produza algunha das seguintes causas:

a) Incapacidade permanente ou falecemento.

b) Incurrir en penas que as inhabiliten para o exercicio de funcións ou cargos públicos.

c) Renuncia.

d) Por proposta da entidade que as designou.

e) Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.

f) No suposto de renovación da corporación local, para o suposto dos membros designados polo concello.

CAPÍTULO IV.- FUNCIONAMENTO.

Artigo 8.- Sesións.

O Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física reunirase como mínimo unha vez cada tres meses en sesión ordinaria, en dependencias propias do Concello; e con carácter extraordinario, a iniciativa da presidencia ou sempre que o soliciten polo menos un terzo dos conselleiros, para tratar asuntos urxentes.

A convocatoria das sesións ordinarias, coa orde do día, farase, polo menos, con dez días de antelación. Nos casos de convocatoria extraordinaria, farase co maior anticipación posible, e a orde do día terá unicamente os puntos que a motivaron.

O Consello poderá invitar ás súas xuntanzas a persoas que pola súa competencia poidan informar, asesorar ou axudar en cuestións ou materias de interese, e cuxa presenza se estime convinte pola presidencia ou a proposta dun tercio dos seus membros, debido ao coñecemento nos temas a tratar. Estas persoas terán voz pero non voto.



Artigo 9.- Comisións de traballo.

No Consello poderanse establecer comisións de traballo para o estudo de cuestións concretas. Os resultados someteranse a debate na Asemblea do Consello.

Ás comisións poderán asistir persoas interesadas nos temas a tratar, cando os membros das mesmas o consideren oportuno.

Artigo 10.- Acordos.

Os acordos do Consello adoptarán a forma de propostas, informes, ditames e calquera outra forma de carácter similar. En todo caso, non terán carácter administrativo, senón informativo.

Artigo 11.-Normativa supletoria de funcionamento.

Para todo o non previsto neste Regulamento, o réxime de funcionamento, convocatorias, sesións e actas rexerá polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional primeira.

En todo o non previsto por este regulamento, o Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física rexerá polo disposto nas normas legais e regulamentarias en vigor, nomeadamente as seguintes:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Regulamento orgánico do Concello de Fene (BOP Coruña nº 156 do 08.07.2008).
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas calquera normas municipais relativas aos consellos deportivos municipais e as que se opoñan ao disposto neste regulamento, en particular o Regulamento do Consello Deportivo Municipal, cuxa creación e Estatutos foron aprobados polo Pleno do Concello de Fene, en sesión ordinaria, celebrada o 04.03.1985.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP)."

O Concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, explica que motivo de facer este regulamento é que o anterior Consello estaba sobrepasado polo tempo, con cousas hoxe difíciles de levar a cabo, e pon varios exemplos. Engade que están abertos a suxestións e que durante o tempo de publicación na web só un veciño fixo unha achega, que foi recollida parcialmente.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, di que cando el era alcalde nunca se lle presentou este regulamento, que pode que se lle levara a Secretaría, pero nunca a el. Sobre o procedemento, afirma que se elaborou sen información de ningún tipo aos grupos municipais nin ás asociacións deportivas do concello, sen participación cidadá previa, que só se publicou na web que é o que hai que facer obrigatoriamente, e no mes de agosto, tendo en conta que aos cinco días aproximadamente desaparece da portada, o cal, afirma, dificulta bastante a súa consulta. Engade que o peor de todo é a improvisación e o non saber. Asegura que o contido publicado na web é un, o levado á Comisión é outro e o que traen hoxe ao Pleno é outro distinto, e que se o Concelleiro o pon en dúbida agora é que non leu o seu propio regulamento, o cal xa o considera motivo suficiente para retiralo da orde do día e tentar acordalo entre todos, e así o solicita. Engade que o documento que se presenta exclúe



aos grupos políticos deste concello, que non están representados e cre que non hai ningún outro caso. Di que non se fala de subvencións, de convenios, de instalacións ou de ordenanzas fiscais reguladoras, que son eses os problemas que adoita haber, e que o concelleiro de Deportes esquece totalmente a delegación que ten de participación cidadá. Afirmar que máis ca un regulamento parece un club de tertulianos deportivos, pero sen concreción. Di que en xunta de voceiros comentou ao alcalde que se non se traía o documento a este pleno e se podía tratar con todos os grupos, eles farían as súas achegas, que teñen bastantes, e que poderían chegar a un acordo, pero que co xeito de presentar o documento e tendo en conta que hai tres textos diferentes, afirma que non lles queda máis remedio que votar en contra. Reitera a solicitude de que se retire da orde do día para poder negocialo e aprobalo no seguinte Pleno.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, pide que se aclare o que acaba de comunicar do voceiro do grupo do BNG porque eles traballaron sobre o documento que se presentou en Comisión, confiando en que era o mesmo que se trae hoxe ao Pleno. Cre que é positivo que existan órganos de participación e que se actualicen no tempo, e que entre todos se poidan facer achegas para definir a política deportiva municipal. Di que o seu grupo lembra que viron a primeira versión do documento cando formaban parte do goberno, e agradece ao concelleiro de Deportes que co grupo socialista tivese a deferencia de presentarlle esta proposta con tempo para facerlle achegas. Sinala que a súa única pega é que había mecanismos para debater mellor a proposta, como a convocatoria dunha Comisión extraordinaria. Sobre o contido, lembra que presentaron modificacións e que algunhas delas están recollidas e outras non, pero en todo caso convida a que se debatan no pleno estas cuestións. Propón que no punto 4 se engada que poidan tamén os membros do Consello, e non só o presidente, propor puntos para a orde do día, ben un terzo ou outra cantidade. En canto á presidencia, que o alcalde pode delegada en calquera dos concelleiros da Xunta de Goberno, entenden que neste caso debería ser na persoa responsable da área de deportes. Ven recollida a súa proposta en canto á secretaría, que deberá ostentala a técnica de deportes, e no artigo 6, entenden que deberán formar parte do Consello, non todas as asociacións, senón as entidades deportivas ou outras con carácter xeralista que fagan actividades deportivas, proposta que non ven recollida no documento proposto e que consideran unha carencia importante. Engade que no mesmo artigo se regula a representación do persoal docente dos centros de ensino do concello, que entenden que debe recaer en docentes especializados no deporte, e que viron suprimido o tema da representación dos participantes nas escolas deportivas municipais, o cal lles parece un avance con respecto ao texto inicial. Ven correcto o establecido no artigo 7 de que poidan participar especialistas, e que se poidan convidar ás sesións, e entenden que tamén deberan ter a capacidade de propor esta participación os membros da Comisión, fixando unha porcentaxe mínima. Sinala que agarda a resposta do concelleiro de Deportes sobre estas cuestións e, e función dela, decidirán o sentido do seu voto.

A voceira do grupo municipal do PP, Rocío Bértoa, sinala que hai que ter en conta que o concelleiro de Deportes presentou esta proposta na Comisión do mes de xullo, e que maiores, tal e como dixo o voceiro do grupo do BNG, publicouse na páxina web municipal, e que a modificación da normativa prevé que non se puido levar á Comisión de agosto por esta publicación, e que o goberno xa manifestou que se traería a pleno en canto rematase o prazo de exposición e recibidas as alegacións, que só presentou unha persoa e que foron recollidas parcialmente, o cal explica a diferenza entre o texto publicado na web e a proposta actual, con cambios dos que afirma se deu conta na Comisión do mes de agosto. Sobre a tradición de que todos os grupos municipais estean representados en todos os organismos e consellos municipais, di que ás veces as tradicións non son todo o correctas que deben ser. Engade que presidencia recae no alcalde, sexa quen sexa en cada momento, e anuncia o seu apoio á proposta. Sobre a ausencia de contido sobre ordenanzas fiscais e instalacións sinalada polo voceiro do grupo do BNG, a voceira do PP explica que cren que non é este o ámbito no que tratar estes temas, pero que lle chama a atención que sexa precisamente el o que diga iso cando en tres anos de alcaldía non foi quen de modificar unha ordenanza fiscal.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, di que dende a publicación do texto na web en agosto ata agora van tres borradores distintos do regulamento, que non se falon con asociacións, entidades etc. Sobre a exclusión de grupos políticos, di que para o seu grupo, o non ter en conta a todos á hora de participar neste organismo non é un acto democrático nin transparente. Aclara que en xullo se lles dixo que se estaba a traballar nun regulamento, e non que xa estaba elaborado. Insiste en que, como deferencia, ao igual que fixeron co grupo socialista, se lles puido ter entregado unha copia do texto aos demais grupos da oposición. Di que atopa moitas carencias no regulamento, pero que entende que súa opinión non importa dado que non se contou co seu grupo para nada. Pide que conste en acta a manifestación do voceiro do grupo socialista de que eles recibiron copia do



borrador por parte do concelleiro de Deportes, para que quede claro que non se está contando nin con EU nin co BNG para debater nada que teña que ver co Concello. Lembra que representan a un número de veciños que votaron por eles, e que merecen o mesmo respecto que os demais. Di que xa saben que o seu voto non é necesario, pero pide que cando menos disimulen un pouco. Anuncia o seu voto en contra.

O concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, reitera que este regulamento foi presentado no primeiro mes da anterior representación súa da concellería de Deportes e que, polo tanto, o PSOE e o BNG, que formaban parte do goberno eran conscientes del, e que o documento foi retirado de Secretaría ao día seguinte do que foron expulsados do goberno polo BNG. Sobre os textos distintos, di que non son completamente distintos, senón que simplemente se fixeron modificacións por cuestións técnicas e xurídicas seguindo as directrices da asesoría xurídica do Concello, e que son aspectos que non teñen importancia. Aclara ao voceiro do grupo do BNG que non confunda un instituto municipal de deportes co Consello Municipal de Deportes, que son cousas distintas, e que no terceiro parágrafo di que o Consello é un órgano consultivo e non executivo. Sobre as regulacións que di que faltan, afirma que estarán na próxima ordenanza municipal de deportes que presentará a concellería de Deportes, e que xa está feita, igual que xa o estaba na súa anterior etapa como concelleiro de Deportes. Engade que no primeiro ou segundo mes de ser concelleiro de Deportes convocaron a todas as entidades sociais e deportivas do concello para explicarlles que ían participar na elaboración do Consello Municipal de Deportes, e que nesta nova etapa como concelleiro, explicoullo a todas as agrupacións deportivas que viñeron falar con el.

Sobre a intervención do voceiro do grupo socialista, o concelleiro de Deportes afirma que non hai ningún problema, e que as cousas que propón xa estaban recollidas na redacción inicial e que se modificarán por cuestións técnicas e de funcionamento xurídico. Di que non hai problema en poñer que se delegue a presidencia no concelleiro de Deportes, nin o da regulación das propostas da orde do día por unha parte dos compoñentes do Consello, dando as grazas ao voceiro do grupo socialista pola achega. Di que tamén estaba posto no artigo 6 na redacción inicial o tema do profesor de educación física, pero que despois de falar con xente de institutos, dixeron que estaban cansos de que sempre que hai unha actividade externa se delegue no profesor de educación física, e engade que pode recollese sen problema ningún se non hai argumentación técnica ou xurídica en contra. Sobre o convite a persoeiros, indica que na parte final do artigo 8 xa se recolle a posibilidade de que o propoña un terzo dos membros do Consello.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que non lle coincide a redacción co texto que teñen.

O concelleiro de Deportes rectifica e explica que efectivamente este artigo foi corrixido a raíz da proposta dun veciño, e que di "ou un/unha representante de cada asociación con actividades deportivas inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Fene".

O alcalde, Gumersindo Galego, intervén e afirma que é evidente que o texto da Comisión non ten nada que ver co texto que está na carpeta do Pleno, dado que aquel foi corrixido e o que vale é o que está na carpeta do Pleno.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, reitera que o que dixo é que o texto que se publicou na web non é mesmo que se levou á Comisión do mércores da semana pasada, nin o que hai hoxe sobre a mesa, e que o artigo 7 do que falou o voceiro do grupo socialista e que se presentou xa modificado na Comisión, non ten nada que ver co artigo 7 do texto que temos aquí. Di que é certo que este documento está no Pleno, como dixo o alcalde, pero insiste, sobre todo unha vez escoitados os voceiros dos grupos do goberno, en que se retire este punto da orde do día para poder volver a miralo, dado que hai artigos novos no texto que traen hoxe que se incluíron sen ningún tipo de negociación nin sequera co grupo socialista, e que nin se debateu nin se informou.

A voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, pide ao voceiro do BNG que aforre as leccións sobre temas de cambios de normativas, de Leis, de regulamentos, etc. Di que ela non dixo que non houbera modificacións, senón que non afectan ao documento. Explica que se introduciu un artigo sobre o cesamento e o nomeamento, pero que xa xustificaron a urxencia para traelo a este Pleno, e que os grupos poden achegar o que queiran, pero o grupo do BNG non achegou absolutamente nada. Pregunta ao voceiro deste grupo se ten que achegar algo máis a este Consello. Afirma que non cre que, se se retira este punto da orde do día, a vontade do grupo do BNG vaia ser a de sentarse e achegar algo, dado que xa tiveron oportunidade na Comisión de cultura, na Xunta de voceiros e a teñen neste Pleno. Engade que ao mellor é o que di o concelleiro de Deportes, que cando foi alcalde



O Sr. Trigo tivo o asunto enriba da mesa e non foi quen de sacalo, e igual agora quere empantanalalo para que volva a outra Comisión. Afirmo que nestes momentos todos os partidos non están representados en todos os órganos, porque a Lei cambiou e non están nas mesas de contratación, e aclara que llo di para que non impugne ningunha mesa de contratación das obras que están a licitar agora.

O alcalde intervén e aclara que se vai aprobar é o texto que está na carpeta do Pleno, que sufriu modificacións, pero estivo á disposición de todos para facer copias en lugar de usar o da Comisión. Engade que o texto é susceptible de melloras, e proponlle ao voceiro do grupo do BNG que ao próximo pleno traia unha moción coas emendas que considere necesario incluír para a súa mellora e que se son aceptables se introducirán no texto.

O concelleiro do BNG, Justo Martínez, aclara que están traballando coa documentación que se trae a Pleno, que queda claro que viron os dous textos desde o momento en que din que este é diferente ao texto da Comisión.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, agradece as cortesías de diálogo co seu grupo político, pero entende que as normas de participación e transparencia obrigan a que estas cortesías sexan similares en tempos e formas para o conxunto dos grupos políticos. Sobre as diferenzas entre documentos asume que é a súa responsabilidade se traballaron co texto da Comisión e non co do Pleno, pero indica que non é habitual que se leve algo a Comisión e no Pleno se propoña algo que varíe nunha parte, e en todo caso, cando pasa, estaría ben ter a cortesía de avisar, aínda que non estean obrigados, dado que facilitaría moito o traballo de todos. Di que as aclaracións realizadas polo concelleiro de Deportes van modulando a súa opinión sobre o texto, e solicita se lle aclare se o tema do docente especializado en educación física se vai incluír ou non.

O concelleiro de Deportes di que pode recollerse e que é fácil de facer.

O Sr. Noceda afirma que visto que se recollen a maior parte das súas achegas modúlase a súa opinión sobre o texto, e solicita que, visto como foi o debate, se adíe a aprobación ao próximo pleno, aínda que isto non condicionará o sentido do seu voto.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, aclara que non fixeron achegas na Comisión de cultura porque foi nese órgano onde se lles entregou o documento, co cal non houbo tempo material nin para lelo. Solicita aclaración sobre que é exactamente o que se vai votar.

Intervén o alcalde, Gumersindo Galego, e sinala que se votará o texto que está na carpeta, e que se hai algunha emenda se propón o texto da emenda e se vota.

O concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, intervén para matizar que o único que se fixo foi engadir o artigo 7, que faltaba, pero que non ten ningunha importancia.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, aclara á voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, que na Comisión de cultura, unha vez rematada e cando se estaban levantando, se lles avisou de que se traía un asunto a maiores por urxencia, e os que estaban alí da oposición di que non tiñan nin idea do tema, e que se puido ter dito antes da Comisión e ter entregado copia antes, pero non se fixo, co que as achegas que se podían facer son nulas. E sobre o posible adiamento do punto, que volve solicitar, comprométese en nome do seu grupo a traer emendas a este texto que cren que poden melloralo substancialmente, pero que quen debe darlles cita é o goberno e non ao revés.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que tralas aclaracións do alcalde, que agradece, presentan tres emendas:

1^a. No artigo 4, onde di "A presidencia do Consello corresponde á persoa que ostente a alcaldía ou membro da Corporación en quen delegue.", debe dicir, "A presidencia do Consello corresponde á persoa que ostente a alcaldía ou, no seu defecto, ao concelleiro delegado de Deportes."

2^a. No parágrafo 4^o do mesmo artigo 4, onde di "-Establecer a orde do día das xuntanzas.", debe dicir "-Establecer a orde do día das xuntanzas. Un terzo dos membros do Consello tamén poderán propor puntos para a orde do día."



3ª. No artigo 6, parágrafo 5, onde di "Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello" pasa a dicir "Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello, preferentemente dos que exerzan a docencia na área do deporte".

O alcalde manifesta que a primeira emenda non se pode admitir porque lle informan que subtrae competencias ao alcalde, e que o Pleno non pode substraer a competencia de designar ao concelleiro que estime conveniente para o caso. Respecto da segunda, di que lle informan que sería mellor e menos rixido que puidese propor calquera persoa, e non un terzo, dado que estamos a falar dun órgano consultivo.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, sobre a explicación do alcalde da primeira emenda proposta, di que manterían o texto pero engadindo a palabra "preferentemente". E sobre a segunda, entenden que algunha porcentaxe habería que fixar para que evitar que as ordes do día se convertan nun guirigai interminable de cuestións, e que aceptarán calquera cantidade que supoña que as propostas son cualificadas en apoios.

O concelleiro de Deportes, respecto das emendas, di que non ten problema en que o alcalde delegue no concelleiro de Deportes, e que non sabe a fórmula xurídica que lle hai que dar. E con respecto ao terzo dos membros, non está no artigo 4, pero está contemplado para convidar ás persoas expertas ás sesións. Di que se non hai impedimento legal poden poñelo.

O alcalde di que se aceptan as emendas co texto sinalado e quedan introducidas na proposta. A secretaria dá lectura ás emendas:

1.-Modificar o artigo 4 quedando redactado como segue:

"A presidencia do Consello corresponde á persoa que ostente a alcaldía ou membro da Corporación en quen delegue, preferentemente na persoa que ostente a concellería de Deportes.

Terá como atribucións propias as seguintes:

-Corresponde á presidencia presidir, convocar, dirixir, moderar o desenvolvemento das xuntanzas e levantar as sesións do Consello.

-Establecer a orde do día das xuntanzas.

Un tercio dos membros do Consello poderán tamén propoñer puntos para a orde do día".

2.-Modificar o artigo 6 de forma que onde di "Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello" pasa a dicir "Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello, preferentemente dos que exerzan a docencia na área da educación física".

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Estimar parcialmente as suxerencias presentadas por Manuel Polo Gundín mellorando a redacción dos obxectivos do Consello, introducindo a regulación da renovación das persoas integrantes deste, a linguaxe inclusiva do Regulamento e suprimindo a participación das persoas usuarias abonadas e das asociacións municipais sen actividades deportivas ao considerarse máis axustada á composición dun órgano desta natureza.

2.-Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello municipal de deportes e da actividade física que se transcribe como anexo a esta Proposta.

3.- Abrir un período de información pública mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.



4.-No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor a modificación o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

Fene, 29 de agosto de 2018

O concelleiro delegado de Deportes

Xoán Manuel Rodríguez Bastida

Anexo I

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E DA ACTIVIDADE FÍSICA

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

A práctica deportiva e a educación física enténdense como un dereito humano fundamental inherente a todas as persoas sen ningún tipo de distinción, e son indispensables para o pleno desenvolvemento da súa personalidade tal e como se recolle na Carta Olímpica, na declaración da Organización das Nacións Unidas (1978) e está recoñecido constitucionalmente no artigo 43 da Constitución Española.

O municipio posúe competencia en materia de deportes, conforme ao disposto no artigo 25.2 m, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local, e artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

O Concello de Fene, ten unhas infraestruturas deportivas, con instalacións, asociacións e entidades deportivas, que aglutinan o deporte local nos seus máis diversos aspectos (deportes para todos, asociacionismo deportivo, etc.), que é necesario articular, coordinar e fomentar nas súas diferentes vertentes, motivo polo que se considera preciso crear unha canle de participación cidadá mediante a creación dun Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física como órgano consultivo, informativo e de asesoramento do Concello, e fundamentalmente da Concellería de Deportes, en temas de carácter deportivo, para promover, desenvolver e coordinar a actividade deportiva de Fene.

En aplicación do disposto nos artigos 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 119, 130 e 131 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, concíbese como un órgano de participación de cidadanía vinculado á concellaría que en cada momento ostente a delegación de deportes. Un espazo para articular a representatividade dos cidadáns, propiciar o debate e a comunicación, e mediante o cal, os distintos colectivos sociais relacionados coa actividade física e o deporte do Concello de Fene poidan dispor dun foro adecuado para a formulación das súas propostas, iniciativas, problemáticas, inquiredanzas e necesidades, así como axuntar esforzos para rentabilizar o traballo realizado na busca de obxectivos comúns.

A democracia participativa e democracia representativa son complementarias. A lexitimidade da representación popular reforzase coa participación da cidadanía na toma de decisións.

A participación convertese así nun instrumento para a resolución dos problemas que plantea o exercicio do goberno, facilita a toma de decisións, favorece o consenso e evita conflitos, potenciando a eficacia na xestión municipal do deporte e actividade física.



O Consello será un instrumento de cooperación e coordinación capaz de aglutinar os intereses dos cidadáns e a administración, para potenciar a promoción do deporte e a actividade física do concello.

A súa necesidade xustifícase nos seguintes motivos:

- Por ser un órgano de ámbito municipal para a participación democrática, información, asesoramento e consulta.
- Pola importancia que ten o deporte na vida das persoas.
- Pola vontade dos axentes deportivos de participar no deporte que ten lugar no concello.
- Para conseguir facer visible e dar resposta ás demandas, problemas e necesidades que afectan aos diferentes actores deportivos do Concello de Fene.
- Por ser un órgano de participación e un instrumento de cooperación e coordinación capaz de aglutinar os intereses dos cidadáns e da administración.

CAPÍTULO II.-COMPETENCIAS

Artigo 1.-Obxectivos

Consonte co seu obxecto correspóndelle, entre outros, a satisfacción dos seguintes fins:

- 1. Fomentar a participación directa na xestión da área de actuación deportiva municipal das persoas e das entidades afectadas ou interesadas, establecendo a este efecto os mecanismos necesarios de información, consulta, estímulo, elaboración de propostas e informes, e seguimento das actividades municipais. O Consello debe ser un espazo de colaboración e acción común en beneficio da xestión do deporte do concello, dos deportistas e dos cidadáns.**
- 2. Planificar unha estratexia integradora que permita a articulación das actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes e as asociacións vinculadas a este sector de actividade, para promover a mellora da calidade da práctica deportiva e a actividade física en Fene.**
- 3. Ser un instrumento para a resolución dos problemas que plantea o exercicio do goberno, facilitar a toma de decisións, favorecer o consenso e evitar conflitos, potenciando a eficiencia na xestión municipal e incrementando así o benestar social e a calidade de vida da cidadanía.**
- 4. Dar representatividade ao asociacionismo deportivo, creando un marco importante na relación entre as distintas sociedades e a área de deportes do concello, compartindo a complexidade da toma de decisións por parte da administración.**
- 5. Colaborar co Concello nas actuacións e decisións en relación co desenvolvemento do deporte e a actividade física, co fin de:**
 - * Dar facilidades coa participación cidadán á xestión do deporte municipal, levando contidos e dando utilidade ao asociacionismo deportivo.**
 - * Analizar a realidade deportiva do concello, aportando unha visión globalizada.**
 - * Captar as necesidades e demandas do axentes na práctica deportiva no concello, e desta maneira poder reflexionar conxuntamente sobre as mellores propostas para atender ditas necesidades.**
- 6. Crear, reafirmar e manter o prestixio da imaxe do deporte no Concello de Fene, utilizando para iso todos os medios ao seu alcance, creando e desenvolvendo programas de mellora da calidade e elaborando programas de difusión.**
- 7. Potenciar a promoción deportiva e o desenvolvemento da actividade física entre todas as capas da poboación, con especial atención ao deporte de base.**
- 8. Recoller as iniciativas do asociacionismo deportivo local.**
- 9. Incentivar e levar a cabo proxectos deportivos que favorezan a participación cidadá, a inclusión e a cohesión social.**



10. Potenciar os aspectos lúdicos e recreativos das actividades deportivas, creando hábitos de vida saudables.

Artigo 2.- Funcións.

2.1.-En atención ao seu carácter esencialmente participativo, a actuación do Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física referirase ás seguintes cuestións:

1) Participación no deseño e elaboración de programas de actividades de competencia municipal a través do Servizo Municipal de Deportes.

2) Manter unha corrente de información, estudo e deliberación en relación coas iniciativas municipais para fomentar e promocionar a actividade física e a práctica deportiva. A estes efectos, consideraranse os principais ámbitos de intervención:

- Deporte popular.
- Deporte escolar.
- Escolas deportivas.
- Deporte federado.
- Deporte adaptado.
- Deporte para a saúde.
- Actividades físicas e deportivas e lecer.

3) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades e sectores, xa sexan públicos ou privados, da comunidade deportiva de Fene.

4) Coordinación entre as distintas asociacións deportivas e institucións para aqueles programas e actividades de ámbito municipal que involucren aos diversos clubs, institucións ou persoas con intereses deportivos comúns.

5) Análise e estudo relacionado coa busca de novas actividades deportivas e aplicación e uso de novas tecnoloxías en ditas actividades.

6) Emitir ditames sobre os asuntos que, con carácter facultativo, lle sexan solicitados pola concellaría responsable de deportes.

7) Debater e impulsar accións concretas orientadas á mellora e ao desenvolvemento da vida deportiva do Concello de Fene, como:

-Comunicar e informar periodicamente dos seus traballos ao conxunto da comunidade deportiva, podéndose realizar sesións informativas ampliadas, dirixidas a colectivos interesados en temas específicos co fin de recoller opinións que poidan ser de interese.

-Realizar consultas e emitir informes sobre cuestións xerais da política deportiva no concello, especialmente naqueles casos que lle sexan encomendados pola concellaría de deportes.

-Estudar as necesidades cidadáns en materia deportiva e colaborar na planificación das solucións correspondentes.

-Colaborar na aplicación das directrices municipais establecidas para a xestión das instalacións e equipamentos deportivos.

-Promover e impulsar medidas para unha práctica deportiva saudable, de educación das boas prácticas, de prevención, control e represión de sustancias e métodos non regulamentarios e prohibidos.

-Realizar propostas de organización de actividades deportivas e participar nas que se realicen no concello.

-Garantir que existan as condicións para que os conflitos se expresen, se debatan e se chegue a acordos.

2.2.-Os estudos, informes, ditames e resolucións emitidos polo Concello non terán carácter



vinculante. Os límites márcaos o que é, un consello consultivo.

CATÍTULO III.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 3.- Composición.

O Consello Municipal de Deportes estará integrado por persoas relacionadas co mundo do deporte e a actividade física, valorando a súa representatividade.

O órgano de goberno do Consello será a súa Asemblea Xeral, que disporá dos seguintes membros:

- O/a presidente/a.**
- O/a secretario/a.**
- Os/as vogais.**

Artigo 4.- A presidencia

A presidencia do Consello corresponde á persoa que ostente a alcaldía ou membro da Corporación en quen delegue, preferentemente na persoa que ostente a concellería de Deportes.

Terá como atribucións propias as seguintes:

- Corresponde á presidencia presidir, convocar, dirixir, moderar o desenvolvemento das xuntanzas e levantar as sesións do Consello.**
- Establecer a orde do día das xuntanzas.**

Un tercio dos membros do Consello poderán tamén propoñer puntos para a orde do día.

Artigo 5.- A secretaría.

A secretaría do Consello será ostentada polo funcionario ou funcionaria que ocupe o posto de Técnica ou Técnico municipal do servizo de deportes, sen prexuízo de que, na súa ausencia, poida ser calquera outra persoa do funcionariado do Concello designada pola Alcaldía.

Terá como atribucións propias as seguintes:

- Enviar as citacións aos compoñentes do Consello, coa orde do día.**
- Redactar as actas das sesións.**
- Enviar copia de cada unha das actas a cada membro do Consello.**
- Facilitar aos membros do Consello a información e asistencia técnica necesaria para o mellor desenvolvemento das súas funcións.**
- Confeccionar a memoria anual de actividades do Consello, así como dos estudos ou calquera outro traballo documental proposto.**
- Todas aquelas funcións que o presidente lle encomende.**

Artigo 6.- As vogalías.

As vogalías serán designadas mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen, de conformidade cos seus Estatutos ou normativa pola que se rexan, sendo os seguintes:

- A persoa que ostente a concellería delegada de Deportes que, en todo caso, poderá exercer a presidencia do Consello no caso de delegación da alcaldía.**
- Un ou unha representante de cada Asociación con actividades deportivas inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Fene.**
- Un ou unha representante de cada Asociación de Nais e Pais de alumnos do Concello de**



Fene (no caso de que non se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Fene)

-Un ou unha representante (docente) de cada centro escolar do concello, preferentemente dos que exerzan a docencia na área da educación física

Terán como atribucións propias as seguintes:

-Asistir e participar nas sesións do Consello, facendo chegar as propostas para incluílas, se procede, na orde do día da sesión.

-Respectar e cumprir os acordos adoptados.

-Informar ao sector que representan dos traballos, disposicións e acordos do Consello, así como transmitir a este as opinións e propostas do seu sector.

Artigo 7.- Substitución, mandato e cesamento

7.1. Todas as organizacións e institucións representadas designarán as persoas encargadas de suplir aos seus representantes no caso de inasistencia, por escrito, e con antelación ao inicio das sesións.

7.2. As persoas membros da mesa cesarán cando se produza algunha das seguintes causas:

a) Incapacidade permanente ou falecemento.

b) Incorrer en penas que as inhabiliten para o exercicio de funcións ou cargos públicos.

c) Renuncia.

d) Por proposta da entidade que as designou.

e) Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.

f) No suposto de renovación da corporación local, para o suposto dos membros designados polo concello.

CAPÍTULO IV.- FUNCIONAMENTO.

Artigo 8.- Sesións.

O Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física reunirase como mínimo unha vez cada tres meses en sesión ordinaria, en dependencias propias do Concello; e con carácter extraordinario, a iniciativa da presidencia ou sempre que o soliciten polo menos un terzo dos conselleiros, para tratar asuntos urxentes.

A convocatoria das sesións ordinarias, coa orde do día, farase, polo menos, con dez días de antelación. Nos casos de convocatoria extraordinaria, farase co maior anticipación posible, e a orde do día terá unicamente os puntos que a motivaron.

O Consello poderá invitar ás súas xuntanzas a persoas que pola súa competencia poidan informar, asesorar ou axudar en cuestións ou materias de interese, e cuxa presenza se estime convinte pola presidencia ou a proposta dun tercio dos seus membros, debido ao coñecemento nos temas a tratar. Estas persoas terán voz pero non voto.



Artigo 9.- Comisións de traballo.

No Consello poderanse establecer comisións de traballo para o estudo de cuestións concretas. Os resultados someteranse a debate na Asemblea do Consello.

Ás comisións poderán asistir persoas interesadas nos temas a tratar, cando os membros das mesmas o consideren oportuno.

Artigo 10.- Acordos.

Os acordos do Consello adoptarán a forma de propostas, informes, ditames e calquera outra forma de carácter similar. En todo caso, non terán carácter administrativo, senón informativo.

Artigo 11.-Normativa supletoria de funcionamento.

Para todo o non previsto neste Regulamento, o réxime de funcionamento, convocatorias, sesións e actas rexerá polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional primeira.

En todo o non previsto por este regulamento, o Consello Municipal de Deportes e da Actividade Física rexerá polo disposto nas normas legais e regulamentarias en vigor, nomeadamente as seguintes:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

-Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

-Regulamento orgánico do Concello de Fene (BOP Coruña nº 156 do 08.07.2008).

-Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas calquera normas municipais relativas aos consellos deportivos municipais e as que se opoñan ao disposto neste regulamento, en particular o Regulamento do Consello Deportivo Municipal, cuxa creación e Estatutos foron aprobados polo Pleno do Concello de Fene, en sesión ordinaria, celebrada o 04.03.1985.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

7. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

8. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, roga que o goberno se coordine, dado o caos que di que están a ver e que provoca que se malgasten cartos de todos os veciños. Pregunta polo custo de dúas accións en San Valentín, por un lado o rebacheo do aparcadoiro que está ao lado da estación de



bombeo, e por outro ou pintado de viais e sinalización horizontal entre o parque de San Valentín e o camiño do Regueiro, e que foi o responsable do que denomina nefasta actuación con nula coordinación, dado que só tres semanas despois de facer estas dúas actuacións, unha obra programada dun POS levantou todo o que se gastou nelas. Sobre a festa mariñeira, que se celebra o próximo sábado, pregunta se contan coa autorización sectorial correspondente de Portos de Galicia para todas as actividades que se anuncian, e que se publicitan por separado, como a da carreira e o festival das ondas. Lembra os últimos acontecementos e problemas que tiveron concellos limítrofes coas autorizacións de Portos de Galicia. Roga que, na Comisión correspondente, se lles faciliten esas autorizacións se existen. Pregunta por unha solicitude que entrou por rexistro para colocación dun grifo no andar baixo do Concello que precisa o persoal de limpeza e que levaba case catro meses sen amañar; queren saber se xa está colocado e roga que non se teña esta desidia en atender as demandas do persoal. Pregunta sobre unha comunicación dun traballador do Concello que fixo traballos de noite durante dous días, por un total de 28 horas. Queren saber se é así ou se é unha mala interpretación do texto do rexistro, e de ser así, que traballos fixo e como se van compensar. Sinala que hai quendas de Policía nas que hai un só axente e que é algo absolutamente anormal. Pregunta se hai problemas para completar as quendas, e lembra que hai pouco revogaron unha comisión de servizos concedida porque dixeron que xa non precisaban máis policías. Engade que é unha situación perigosa para o axente e que deixa á veciñanza practicamente ser servizo, e que é unha situación que xa se repetiu en varias ocasións. Pregunta que teñen pensado facer coas alegacións presentadas por un sindicato aos orzamentos, se van tentar negociar e chegar a algún tipo de acordo ou non. Sinala que o camiión dos electricistas está parado desde hai semanas por falta de previsión e que isto supón un custo para o concello, contratando externamente; queren saber se está xa solucionado e operativo o camiión e se hai quen o manexe.

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, pregunta por que non se instalou o portalón do ximnasio da Casa da Cultura, dado que lles consta que xa foi entregado polo Instituto de Fene cando rematou o curso, e cando se ten previsto instalar. Pregunta se hai algunha memoria ou planos para a realización dos traballos municipais na escola do Ramo, dado que consideran que nalgúns aspectos non cumpren a normativa. Roga que se lles achegue a documentación solicitada hai máis de tres meses, que entenden que non é excesivamente extensa, e que se lles informe de xeito axeitado. Explica que preguntaron pola Fonte do Campo e que lles respostaron que está pechada porque se vai facer unha analítica en setembro, sen embargo no mes de agosto xa estaba todo retirado e non se lles deu ningunha información. Pregunta se xa hai analíticas que permitan a retirada do precinto.

O alcalde, Gumersindo Galego, resposta sobre a documentación pendente que, exceptuando o tema dos locais, non lle consta ningunha pendente con tanto atraso, e sinala que a última que ten pendente é un listado de facturas.

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, explica que hai 5 meses solicitou unha información e se lle respostou cun escrito que non tiña nada que ver co que preguntaba, co que no lle serviu como resposta, e que o volveu presentar por escrito hai 3 meses, informando en dúas Comisións sobre esta solicitude.

O alcalde pregunta de que se trataba.

O Sr. Martínez di que preguntaba se había un informe ou proxecto para o amaño de beirarrúas na Rúa dos Muíños e un informe dos rebacheos.

O alcalde resposta ás preguntas do voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, e sobre as dúas actuacións en San Valentín indica que a empresa que está a facer a eliminación de vertidos deixará o aparcadoiro e a sinalización no estado no que estaba.

O concelleiro de Promoción Económica, César Castro, resposta que a festa mariñeira ten permiso de Portos de Galicia para todas as actividades incluídas na festa mariñeira, incluída a carreira. Sobre a Fonte do Campo, informa que unha primeira analítica deu contaminación por fecais e que desde o mes de setembro está encargada outra analítica, que o uso da fonte non ten ningún cambio e que a súa recomendación é que non se utilice. O alcalde engade que existe contaminación por un vertido e non en teoría, senón na práctica, dado que houbo unha denuncia feita na Garda Civil de Fene e hai un expediente aberto por parte de Augas de Galicia a unha veciña do concello que vive pola parte de arriba da fonte.



O concelleiro do BNG, Justo Martínez, solicita que pasen por alí dado que están retiradas as vallas e os precintos.

O alcalde di que xa non é a primeira vez que a xente rompe o precinto, e que o cartel de non potable segue estando.

O Sr. Martínez afirma que está todo retirado e reitera o rogo de que pasen por alí.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, di que toma nota das preguntas sobre o grifo do andar baixo e o portal do ximnasio da Casa da Cultura e que as respostará por escrito.

O concelleiro de persoal, Alejandro Gutiérrez, sobre o escrito dun traballador sobre traballos nocturnos, di que toma nota e se respostará por escrito unha vez se comprobe o mesmo.

A concelleira de facenda, Rocío Bértoa, sobre a descoordinación das actuacións en San Valentín, di que cre que o voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, equivócase nas datas, dado que o aparcadoiro do colexio A Xunqueira foi reparado unha vez entrou o PP no goberno e as obras foron licitadas por este novo goberno. Di que ao mellor el pretendía que os usuarios desa escola tivesen que danar os seus vehículos por estar prevista unha obra desde o ano 2016. Sobre as alegacións presentadas por un sindicato aos orzamentos, a Sr. Bértoa afirma que se resolverán seguindo o trámite legal oportuno. En canto ao tema das quendas de Policía, cre que de novo se equivoca o Sr. Trigo, dado que se revogou unha comisión de servizos porque era un xefe de policía dun concello veciño que o anterior goberno trouxo como axente, e que o PP desde a oposición advertiu en numerosas ocasións de que iso non era legal, igual que xa lle advertira a Xunta de Galicia, co cal cando o PP tomou posesión deste goberno executou o que defendía na oposición. Engade que a maiores, o anterior goberno deu a un policía deste concello unha comisión de servizos para marchar a outro concello, cando xa tiñan problemas co número de axentes. Afirma que si é coñecedora da situación e que agora mesmo hai un axente só, porque está un de reservista e outro de vacacións, que pola mañá hai 3 axentes e pola tarde a ela gustaríalle que houbera 4 ou 5 por quenda, e que están nese camiño. Engade que non poden estar así agora mesmo porque durante tres anos non se fixo nada. Di que informou á garda civil de Fene dos días nos que vai haber un axente só, e que a outra opción era revogar as vacacións dun axente, e non o van facer. Sinala que podería tamén pagarlle horas extraordinarias aos axentes activos, pero que a gratificación prevista para isto non existe por non estar os orzamentos en vigor. Dille ao voceiro do grupo do BNG que non veña dar leccións de moral sobre cousas que el non puido xestionar durante tres anos, e que os orzamentos novos entrarán en vigor e poderase solucionar o problema.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, sinala, sobre as obras de San Valentín, di que cre que o normal sería que a empresa concesionaria da obra do POS fixera as súas obras e despois o Concello, se quixera, amañar o aparcadoiro e a sinalización, e non antes. Afirma que fixeron o traballo ao revés. Sobre a Policía, di que o problema actual da nunca o houbo durante o seu goberno porque estaba todo programado, e que a actual concelleira non é quen de programar en tempo e por iso lle pasan estas cousas.

O alcalde intervén e sinala que xa lle explicaron convenientemente, e que se non quere entender é o seu problema. Reitera que o anterior alcalde condenou aos usuarios do aparcamento a andar estropeando os coches por non botar un camiión de zorra e unha man de pintura, e que non veña agora de "exquisito". Repite que a empresa está a executar unha obra de 2016 e volverá a deixar as cousas no seu estado. Sobre a policía, di que ao xefe da policía de Ares que veu aquí de número admitiulle a solicitude fóra de prazo, e que non o facía cos peóns. Engade que se ten algunha queixa xa sabe a onde ten que ir.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, di que o alcalde minte, que o xulgado xa se pronunciou ao respecto e dixo que iso non era certo.

O alcalde di que foi o Fiscal. Lembra que o camiión que está parado o conducía un peón do concello ao que o anterior goberno lle pagou o carné de conducir, e que agora está no seu posto de peón e punto.

O Sr. Trigo engade que aforraron 50.000 euros e non malgastaron.



O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, pregunta sobre a instalación duns aparellos publicitarios polas rúas que tamén funcionan para recoller pilas, móbiles, etc.; quere saber cal foi o procedemento porque lles parece que foi parecido ao do anuncio publicitario que se puxo ao lado do parque de Perlío, que eles consideraban que non era correcto e terán a mesma opinión sobre este caso se é o mesmo. Pregunta se se lles aplica a ordenanza de ocupación de vía pública. Roga se actualice a información sobre os problemas da recollida de voluminosos, dado que xa pasou moito tempo e segue habendo incidencias. Chama a atención sobre o estado do paso elevado sobre a vía do tren en Perlío, porque cre que é perigoso e roga se tomen medidas o antes posible. Roga se tomen medidas co valado do edificio a medio facer ao lado do Roibén, que está deteriorado, e pregunta se teñen prevista algunha intervención. Sobre a Rúa Muíños, pregunta sobre as intervencións de mellora de accesibilidade, se cumpren a normativa. Roga que se revise a actuación e por que se realizou de xeito que consideran incompleto. Sobre a Rúa Cádavo sinala un problema similar por accesibilidade dos veciños aos garaxes, que se ocupan parte das saídas dos edificios, e que cren que é necesaria unha intervención para que non se impida ou limite o paso de peóns. Pregunta como vai a obra da Rúa do Sartego porque ven que se deteriora cada vez máis. Pregunta aos concelleiros de educación e de servizos se para o día 12 que comeza o curso escolar van estar listas todas as obras solicitadas polos centros escolares.

O alcalde, Gumersindo Galego, sobre o edificio do lado do Roibén, informa que a pasada semana falou co administrador concursal e se pediron dous orzamentos para o valado, un en madeira e outro en chapa. Di que ten aberto o correspondente expediente de infracción urbanística pero que por moito que se obrigue, non hai un peso, como en todos os concursos de acredores. Di que se pensou en acometer un peche efectivo, e caro, pero o administrador concursal díxolle que a adxudicación da parcela á entidade Abanca era inminente, co que falou co concelleiro de servizos para reforzar un pouco os peches actuais. Sobre o estado do paso elevado de Perlío, di que é certo que non se fixo nada, pero desde que se foron eles do goberno anterior, cando se reparou con soldadura algún tramo de barandilla de todos os pasos elevados que hai no Concello. Di que terán que retomar o tema e facer de novo un reforzo dos pasos. Sobre a accesibilidade da Rúa Río Cádavo sinala que falarán coa empresa que está a facer as obras para mirar de darlle unha solución.

O voceiro do grupo socialista explica que non se refería ao tramo en obras senón a outro.

Sobre a obra do Sartego informa que está en Intervención e que probablemente mañá estará informada e pasará a licitación.

O concelleiro de Medio Ambiente, César Castro, sobre os carteis publicitarios e de recollida de pequeno material electrónico, informa que se trata dun intercambio de servizos de recollida a cambio a de publicidade e que seguiu todos os trámites administrativos oportunos.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, informa que a recollida de papel está xa normalizada, que se recolle os luns e mércores, e que o dos voluminosos tamén está normalizado pero que se ve falta de civismo dalgunha xente, e que a concelleira de policía informouno de que xa se identificou a quen está a botar residuos que non corresponden. Con respecto aos pasos elevado informa que están tentando facer algunha reparación. Sobre a rúa dos Muíños, afirma que cumpre a normativa de desnivel, pero o peche contra a estrada o deixaron un pouco máis alto porque hai garaxes.

O voceiro socialista insiste en que a accesibilidade queda incómoda.

O Sr. Serantes afirma que unha persoa que ten minusvalía e vive alí díxolle que está perfectamente. Sobre os centros escolares, informa que no Ramo se cambiou o comedor de sitio, púxose unha cociña e un vídeo porteiro para mellorar a seguridade, e que nos demais colexios tamén se fixo algunha actuación que agora non sabe dicir.

O alcalde explica que no colexio Centieiras asumiu a Consellería a obra que se fixo no ximnasio, que foi un cambio de ventás e unha porta de saída de emerxencia, e que a fachada do colexio A Xunqueira se vai meter nun expediente con cargo a beneficio, e que o importe non supera os 40.000 euros máis IVE. Nos demais colexios informa que se fixeron tarefas de mantemento de xardíns, reposición de redes e xogos, e que na Galiña Azul hai un proxecto pendente de executar, de amaño do tellado e creación dun punto de encontro.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, pregunta se hai algunha novidade con respecto á escola de Sillobre e á xubilación da profesora, e se hai data para un Consello Escolar Municipal.



Sobre o edificio que hai ao lado do Roibén, roga que se dean máis medios aos traballadores municipais, xa que di que os viron limpando esa silveira cunha tesoura de podar, unha vasoira e un recolledor.

O alcalde, Gumersindo Galego, resposta que non se pode facer outra cousa aí porque, de momento, non está o expediente como para entrar e facer execución subsidiaria, e as silvas estaban saíndo polo medio dos cadrados da valla, co que non se lle pode pasar unha máquina.

A Sra. Martínez pregunta pola tala de árbores que se fixo en Centieiras; quere saber cal foi o motivo e se hai un informe técnico. Pregunta cantas farolas se puxeron en Río de Saa. Pregunta pola bolsa de substitución de persoal do cemiterio e é certo que se están facendo enterros no cemiterio municipal con persoal do tanatorio de Vilar do Colo. Pregunta sobre a colaboración con algunhas comisións de festas. Quere saber se ese criterio vai ser para todas igual e coa mesma contía. Pregunta á concelleira de servizos sociais por que non se convidou a EU a unha xuntanza que houbo na Deputación sobre un programa no que se convidaba a toda a corporación. Engade que lle informaron que alí se dixo que en Fene non se facían cousas de igualdade porque a oposición non o permitía. Pregunta ao alcalde se teñen previsto facer os obradoiros de memoria, e se á así, en que entidades e con que empresa.

O alcalde, Gumersindo Galego, resposta que si se van facer os obradoiros de memoria, pero que el nunca foi o encargado de organizalos, e se farán igual que os anos anteriores.

A Sra. Martínez explica que pregunta porque os obradoiros de memoria iniciáronse en xaneiro, e que un dos puntos da moción de censura de abril dicía que non había obradoiros de memoria.

Sobre a colaboración coas comisións de festas, o alcalde afirma que este goberno colabora con todas as comisións como se fixo sempre. Respecto da tala de árbores en Centieiras, sinala que cada un na súa propiedade, dentro das limitacións que impoñen as leis, fai o que lle dá a gana.

A Sra. Martínez aclara que se refire ao colexio Centieiras.

O concelleiro de Medio Ambiente, César Castro, di que informou o encargado de obras e servizos e procedeuse á tala dunhas tullas dacordo coa dirección do colexio, dado o perigo que supoñían para os nenos polo estado das mesmas, e tamén polas queixas veciñais de que invadían parte da beirarrúa.

A concelleira de Educación, Ana M^a Novo, resposta que xa hai unha nova profesora para a escola de Sillobre, e que o Consello Escolar Municipal será no mes de outubro.

O concelleiro de Servizos, Andrés Serantes, resposta que en Río de Saa puxéronse 9 puntos de luz, e que o orzamento cre que anda sobre 9.000 euros.

O concelleiro de persoal, Alejandro Gutiérrez, sobre a bolsa de substitución de traballadores do cemiterio municipal, indica que xa deu conta na Comisión e explica que un dos traballadores leva tempo de baixa laboral, polo que o outro precisa de apoio. Afirma que traballadores do tanatorio de Vilar do Colo realizaron enterros durante as vacacións do funcionario en activo.

A concelleira de servizos sociais, Juana Barro, di que non se dá conta de dicir na xuntanza da Deputación que en Fene non se facían cousas de igualdade porque a oposición non o permitira.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.06 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.